



## NO “DÍA MUNDIAL DA AUGA”

A data do 22 de marzo foi instituída polas Nacións Unidas, no ano 1993, como “DÍA MUNDIAL DA AUGA”, pretendendo con esta iniciativa sensibilizar á poboación e ás administracións sobre a importancia dos nosos recursos hídricos e facerlle reflexionar sobre a importancia de preservalos no mellor dos estados evitando o seu despilfarro e mal uso.

E coincide este ano nunha situación de escaseza de choiva que nos debe facer pensar a todos e todas nós –e dun xeito moi particular ás distintas administracións- sobre a importancia extrema deste recurso e sobre a absoluta necesidade de garantir que este ben social chegue, diante de nada, ao conxunto da poboación, difundindo ao tempo as normas elementais para o seu uso racional; o que poderíamos chamar “manual de boas prácticas” no uso da auga.

Neste sentido, desde a APDR queremos chamar a atención sobre un feito que, non por coñecido deixa de teren unha importancia capital; estémonos a referir ao feito de que a fábrica de CELULOSAS de Lourizán consume unha elevadísima cantidade de auga, que capta do río Lérez en virtude das concesións outorgadas baixo o réxime de Franco, en detrimento dos dereitos das poboacións asentadas na Ría de Pontevedra. De acordo coa AAI de ENCE, a fábrica ten unha concesión de 129.600 m<sup>3</sup>/día, e no ano 2003 consumiu un total de 12.690.184 m<sup>3</sup>, unha cantidade moi superior á consumida polos núcleos de poboación da nosa Ría.

Para a APDR esta situación –fondamente inxusta- débese modificar, pois non se debe esquecer que o uso da auga pola cidadanía, o seu uso doméstico, debe prevalecer sobre o uso industrial. Neste sentido, queremos chamar a atención das distintas administracións sobre a necesidade de restrinxir o uso de auga á empresa pasteira en tanto a situación actual de escaseza non reverta a unha situación normal no que ás reservas de auga se refire. Ao tempo, queremos reivindicar a necesidade de renegociar as concesións outorgadas nos anos 50 e 60 a ENCE e mesmo esiximos que as distintas administracións con competencia neste terreo fagan públicos os datos referentes ao canon que as distintas empresas –e nomeadamente no que fai a ENCE e ELNOSA- están a pagar por un ben que, por necesario, supón un elevado custe para o conxunto da cidadanía.

En Pontevedra a 21 de marzo de 2012

Asdo.: Antón Masa, presidente da APDR